

# EXPERIENCIAS NA APLICACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL E GRUPOS DE CONSUMO EN SAN SADURNIÑO

*Ignacio Fernández López*  
*Concello de San Sadurniño*  
*Ignacio.fernandez@sansadurnino.dicoruna.es*

## TEXTO DO RELATORIO:

### A AXENDA 21 LOCAL DE SAN SADURNIÑO

O Concello de San Sadurniño ten como un dos seus obxectivos fundamentais avanzar decididamente cara a un desenvolvemento sustentable, que promova a creación de riqueza, o emprego, a redución das desigualdades, a mellora dos servizos e a conservación dos recursos e ecosistemas naturais.

Por este motivo, en 2005, dentro do marco da asociación Euroeume, e co apoio económico da Xunta de Galicia, o noso concello comezou os traballos para implantar unha Axenda 21 Local (A21L). En 2006 rematou a primeira fase, coa redacción dun plan de acción. E, dende o ano 2007, ata a actualidade, o Concello centrou as súas políticas e proxectos ó redor do citado plan de acción, de cara a lograr os obxectivos incluídos na A21L.

É de coñecemento xeral que a implantación das A21L e o seu posterior desenvolvemento nos concellos galegos non cumpriron, maioritariamente, as expectativas agardadas. Pola contra, consideramos que o noso Concello si está a cumprir cos compromisos que se fixou no seu momento. Está a desenvolver a súa A21L, e, coidamos, avanza cara á sustentabilidade por medio de proxectos e de actuacións concretas. E un dos eidos nos que isto se visualiza é no referente á mellora da gobernanza e na implantación de procesos participativos.

### GOBERNANZA E ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

A Gobernanza, ou o Bo Goberno, implica unha correcta xestión da “cousa pública” para acadar os obxectivos de eficiencia, eficacia, información, transparencia ou democracia participativa.

Nun sistema realmente democrático a cidadanía debe ter o dereito a que a Administración sexa un ente que xestione axeitadamente os recursos, que ofrezca servizos de calidade e acaídos ás necesidades reais, que defenda e aplique a xustiza e a equidade no trato, e que estea aberta á participación directa dos propios administrados.

E todo isto faise, se cadra, máis necesario no caso da Administración local, por mor da súa proximidade á xente. Por iso, seguindo estas premisas, San Sadurniño acredita firmemente na aplicación dos principios da gobernanza, e nomeadamente nos procesos participativos, ós que considera cerne da propia democracia.

Deste xeito San Sadurniño conta, dende 2008, cos primeiros orzamentos participativos establecidos e regulamentados de Galicia, nos cales os veciños e veciñas poden debater e decidir en que se vai investir unha parte dos orzamentos municipais destinados a investimento.

Esta iniciativa xurdiu a raíz da aplicación do Plan de acción da A21L, e contou co apoio e a iniciativa do GDR Euroeume. O seu obxectivo era aplicar o principio de subsidiariedade, achegándose ó nivel máis baixo, e facilitarlle á cidadanía mecanismos que lle posibilitasen dar a súa opinión e propor medidas ou actuacións para logramos, entre todos, avanzar cara a unha sustentabilidade real. Pero os resultados van máis aló, xa que o que se consegue é implicar á cidadanía, que comprenda como funciona a Administración e mesmo que se corresponsabilice das decisións municipais.

De forma paralela, para institucionalizar estes cambios de perspectiva, o Concello tamén conta cun Regulamento de participación veciñal, que foi publicado no BOP de Coruña nº 78, do 05/04/2008. O seu obxectivo era, neste caso, dar voz ós axentes e entidades sociais do municipio.

Dentro do eido da gobernanza o aspecto da información tamén é fundamental. San Sadurniño é un concello rural, con 3.119 habitantes e 191 entidades de poboación. O poboamento é moi disperso e a poboación está avellentada. Nesta situación é moi complicado mobilizar ás persoas para actos concretos e máis, se cadra, que teñan toda a información que se xera dende o municipio e que pode ser de interese xeral. Por este motivo, o Concello comezou a editar en 2007 un boletín mensual de información sobre as actividades e noticias de interese xeral, chamado NOVAS. Esta publicación é moi sinxela na súa presentación, en branco e negro, e nun formato A3 dobrado, e se envía a todas as vivendas do municipio por medio do servizo de Correos.

Desta maneira preténdese que todos os habitantes do Concello, vivan onde vivan, e sexa cal for a súa condición, reciban información directa dos servizos e actuacións que a Administración local vai desenvolver.

Este mesmo sistema de reparto domiciliario emprégase noutros asuntos cando se quere chegar ó conxunto da cidadanía, como foron na edición de folletos sobre a xestión dos residuos domésticos, as convocatorias dos propios orzamentos participativos ou na edición dun caderno explicativo sobre a ordenación territorial e o proceso de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

#### GRUPO DE CONSUMO: PROMOSOL

Seguindo con esta política de dar oportunidades e información ó conxunto da

ciudadanía, pero tamén pensando en achegar servizos e produtos a todos os puntos do noso territorio, o Concello ten desenvolvido varias actuacións.

En primeiro lugar, tendo en conta que internet é xa un fornecedor esencial de servizos, e que temos un poboamento moi disperso, en 2008 comezouse a instalación dunha rede municipal de banda larga, empregando a tecnoloxía Wimax. A día de hoxe practicamente o 90% do territorio ten cobertura e a meirande parte da poboación pode ter acceso a internet sen fíos, a un prezo competitivo, e beneficiarse das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Para complementar esta actuación, púxose en marcha unha aula de dinamización da sociedade da información, e en 2009 organizouse un Grupo de Consumo de cara a adquirir ordenadores. A pretensión do Concello era achegar estas ferramentas tecnolóxicas a todas as familias que o quixesen, a un prezo máis reducido ca no mercado, ó negociar en grupo, e que fosen entregados a domicilio. Informouse por medio do boletín NOVAS e coa edición duns folletíns, e amosaron o seu interese máis de 80 familias.

Outra actuación semellante, foi o PROMOSOL, que consistía nunha campaña de aforro enerxético doméstico e na creación dun Grupo de consumo de familias interesadas en adquirir paneis solares para auga quente sanitaria. Esta iniciativa estaba inserida no *Plan municipal de loita contra o cambio climático*, xunta outras actuacións, e se fixo en colaboración coa *Asociación ambiental Os Picos do Sol*.

Temos que ter en conta que a radiación solar media do concello é de 3.372 Wh/m<sup>2</sup> día, polo que San Sadurniño está na zona 0, a de menos insolación de Galicia, e polo tanto da Península Ibérica. Malia isto a enerxía solar pode ser rendible no noso ámbito. Ademais serve para loitar contra o Cambio Climático e as súas consecuencias, e tamén para reducir a factura enerxética das familias.

Por iso, o Concello liderou este proxecto para que as persoas interesadas conseguisen un aforro nos custos da instalación, ó comprar en grupo, pero tamén para incrementar a concienciación xeral e demostrar que as enerxías renovables, e nomeadamente a solar, son fiables, eficientes e mesmo necesarias.

Entón, desenvolveuse unha campaña, financiada coa subvención a actividades ambientais da Xunta de Galicia, que abrangía visitas casa a casa, nas que se repartía un folleto explicativo, se organizaban charlas nas parroquias, se artellaba unha exposición de enxeños solares e se desenvolvía unha Feira do Sol.

Finalmente, 61 familias apuntáronse como potenciais interesadas na adquisición dos colectores solares, ás que se lles ofertou un panel termosifón, de 160 ou 300 litros, a uns prezos de 1.900,00 e 2.450,00 euros respectivamente, incluíndo a adquisición, o IVE e a instalación. Finalmente fixéronse 17 instalacións, sumando un total de 56,08 m<sup>2</sup>, cunha potencia total de 28.330 Kwh, o cal supón un aforro de 14.023 Kg de CO<sub>2</sub> cada ano, e unha mingua do 65% no consumo enerxético para obter auga quente.